



## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A IMPLANTACIÓN DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE TDT

### A TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE...

### ... A TELEVISIÓN DO FUTURO

#### QUE É A TDT?

A Televisión Dixital Terrestre (TDT) é a difusión dos sinais de televisión que emprega a máis moderna tecnoloxía. Representa a televisión do futuro e os seus beneficios xa están en marcha.

A TDT cambia o concepto que temos da televisión. A nova televisión conta cunha gran capacidade de imaxes e son, maior poder de participación e interactividade.

#### QUE VANTAXES OFRECE A TDT?

##### 1.- MAIS CANLES E CONTIDOS

Os usuarios poderán acceder a máis de 25 canles de televisión diferentes, novas emisoras e novos contidos e servizos adicionais.

##### CANLES ESTATAIS

TVE 1	VEO TV	CUATRO	Telecinco	Antena 3
TVE 2	SONY TV EN VEO	CNN+	Factoria de Ficción	Antena Nova
TVE 24 HRS.	INTERECONOMIA TV	40 Latino	Telecinco 2	Neox
TVE CLAN	TELEDEPORTE	La Sexta	Disney Chanell	Hogar 10 tv

##### CANLES AUTONÓMICOS E LOCAIS

A GALEGA	CORREO TV	TVSB	LOCALIA
----------	-----------	------	---------

##### 2.- TELEVISIÓN DE MAIOR CALIDADE

- Mellor calidade e son (eliminanse as dobres imaxes e interferencias)
- Formato panorámico
- Son dixital
- Servizos Interactivos: xogos, votacións, etc...
- Visión multicámara en eventos deportivos



### 3.- NOVOS SERVIZOS DE VALOR ENGADIDO

- Guías electrónicas de programación
- Servizos interactivos “mhp”
- Teletexto dixital cunha contorna moito máis visual e agradable
- Nun futuro: alta definición, pago por visión e recepción móbil

### COMO PODEMOS VER A TDT?

Os contidos que ofrece a TDT son totalmente gratuítos para o telespectador. Para acceder a estes contidos cómpre seguir os seguintes pasos:

1.- Verificar que nos atopamos en zona de cobertura: na páxina web [www.tdtgalicia.es](http://www.tdtgalicia.es)

2.- Como recibir a TDT:

- PARA TELEVISORES ANTIGOS é necesario comprar un sintonizador básico de TDT.

- TELEVISORES DE RECENTE COMPRA (Planos: TFT, LCD): xa veñen co sintonizador integrado, non fai falta facerlles nada.

3.- Asegurar que a túa instalación de recepción está adaptada:

- VIVENDAS UNIFAMILIARES: axustar a orientación da antena (só en caso de antenas moi antigas será necesario cambialas)

- VIVENDA COMUNITARIAS (Edificios comunitarios): hai que engadirlle un amplificador á antena para a recepción de canles dixitais. Calquera antenista poderá facerlle esta modificación que, de calquera maneira, non resulta moi custosa.

### NOTAS SOBRE A TDT A TER MOI EN CONTA:

O día **30 de xuño de 2009** é a data na que deixará de verse a televisión analóxica (a que vemos agora nas casas).

**Non se debe esperar máis** para facer o cambio: hai que darse conta de que tan só quedan 6 meses, se esperamos a última hora para facernos cos sintonizadores é probable que teñamos problemas para atopalos nas tendas.



Segundo informa a Xunta de Galicia: en ningún caso se producirá o cesamento das emisións analóxicas naquelas zonas onde non hai cobertura TDT equivalente. Isto significa que **en ningún caso quedaremos sen poder ver a televisión.**

**Calquera persoa** que actualmente reciba sinal de televisión (aínda que vexa determinadas canles mal), **terá acceso total a TDT.**

**Os sintonizadores** para a recepción da TDT poden mercarse en grandes superficies ou na súa tenda de electrónica habitual. **Teñen un prezo aproximado entre 20 e 30 €**, non é recomendable comprar un de maior valor, xa que estes farán o mesmo servizo.

Por último, hai que ter en conta tamén que na maioría dos casos non é necesario facer cambios nas antenas das casas unifamiliares, simplemente con uns pequenos axustes xa recibirían o sinal dixital. **Non se deixe enganar por “falsos” profesionais antenistas** que de seguro aproveitarán esta situación para intentar cambiar a túa antena por unha nova, engrosando así a factura pola instalación da TDT na súa casa.

**¡¡ NON ESPERES MAÍS , ADÁPTATE E GOZA XA DA TELEVISIÓN DO FUTURO!!**